

UNIDADE 2. ACTIVIDADES DE AUTOAVALIACIÓN.

Πράξις 1:

1. Busca no dicionario os seguintes artigos e explica que queren dicir as abreviaturas e as formas de presentación:

ἡμετέρος, α , ον

ἀμπλακίσκω

δύσφορος

θυρίς

ἀρχή

πύξ

πρός

2. Coa axuda do dicionario indica que traducións debes dar a estas tres frases:

κρατέω ἀνδράσι

οἱ κρατοῦντες

κρατέω πάντων

Πράξις 2:

3. Busca no dicionario as seguintes palabras e indica qué variacións morfolóxicas se sinalan:

ζεύγνυμι

νόμαιος

ἐλίσσω

κλέος

περιπλέκω

Πράξις 3

4. Sinala as diferenzas de sentido dunha mesma palabra nos seguintes pares de expresións:

a) ἀπολογία εὖλογος / τὸ εὖλογον ἀπολογία.

b) θοινέω τὸν ἀδελφόν / θοινέομαι σὺν τῷ ἀδελφῷ

c) ἄνθρωπος νεανικός / τὸ νεανικόν τοῦ ἀνθρώπου.

d) ἄνθρωπος ξένιος / τὰ ξένια τοῦ ἀνθρώπου .

e) διαριθμῶ ἁδικήματά σου / διαριθμοῦμαι ἁδικήματά σου.

Πράξις 4

5. Busca no dicionario as seguintes palabras e sinala que variacións de contexto se indican:

συνορίνω,
ιδρύω,
στενός,
πρός,
μυστήριον,
καρφαλέος,
προσαραρίσκω,
σημαίνω.

Πράξις 5:

6. Busca o artigo μέσος, indica que tradución lle darías ás seguintes expresións e di por que:

τὸ μέσον ἡμέρας,
ἐν μέσῳ αὐτῶν ,
ἄνθρωπος οὐ πλούσιος, ἀλλὰ μέσος,
μέσα ἡ ἡμερα.

7. Indica que diferenza de tradución hai entre:

ὕδραίνει / ὕδραίνεται
εὐαρεστέω / εὐαρεστέομαι
προπατῶρ / προπάτορες
πρὸς θαλάσσης / πρὸς θάλασσαν.

SOLUCIONARIO

πρᾶξις 1:

1. Busca no dicionario os seguintes artigos e explica que queren dicir as abreviaturas e as formas de presentación:

ἡμέτερος, α, ον :

A forma de presentación do lema e a indicación ADJ indican que se trata dun adxectivo de tres terminacións.

A abreviatura POS (aínda que non vén na lista de abreviaturas) quere dicir claramente "posesivo"; **nosos** é a tradución, pero indícase que frecuentemente ten o mesmo valor que **ἔμους** e tradúcese **meu**. As formas con artigo neutro indican que pode substantivarse e que entón ten diversos significados como **a nosa casa, os nosos bens**. A forma con artigo feminino tamén funciona como un substantivo e quere dicir **a nosa terra** ou **a nosa patria** (xa que se sobreentende χώρα). Por último, en xenitivo precedido da preposición ἐν quere dicir **na nosa morada**, porque se sobreentende οἶκω.

ἀμπλακίσκω

A tradución do verbo é **non alcanzar**. O réxime do verbo é o *xenitivo*, tanto se se trata de persoas coma se se trata de cousas. Tamén significa **perder, ser privado** e aquilo que se perde ou do que se é privado tamén vai en *xenitivo*. Por último, significa **errar**. O que segue no artigo son as formas de aoristo indicativo, infinitivo e participio e do perfecto pasivo

δύσφορος

É un adxectivo de dúas terminacións, porque aparece **ον** despois do lema (se fora de tres terminacións, aparecería **α ον** e se fose un substantivo, estaría o xenitivo **ου**). O guión entre **δυσ** e **φορος** indica que é unha palabra composta. Seguen os significados como adxectivo (**difícil, malo de soportar**, etc.) e logo o uso substantivado en neutro plural τὰ δυσφορα que significa **molestias, desgustos, aflicións**.

θυρίς

É un substantivo da terceira, tema en dental, porque o xenitivo é (θυρ)ίδος. O artigo é ἡ, logo é feminino. Indícase que é un diminutivo de θύρα e danse as distintas traducións, **portiña, ventá, abertura**.

ἀρχή

O xenitivo en -ης e o artigo ἡ indican que é un substantivo feminino da primeira declinación. A tradución é **comezo, orixe** e dentro deste valor indícase que pode formar expresións adverbiais e tamén que hai un xiro feito **αρχην οὐ** que significa de ningún modo. Tamén significa **extremo, punta**, etc. En plural ten un sentido específico, **dignidades, cargos** ou **potencias celestiais**.

πύξ

É un adv(erbio) que significa **a labazadas**. Co verbo νικάω, significa vencer no puxilato.

πρός

Ten dous valores, adv(erbio) e prep(osición). Como adverbio significa **ao lado, ademais**; como preposición ten diversos valores, segundo se vai con xen(itivo), con dat(ivo) ou con ac(usativo). As formas en cursiva sinalan valores (orixe, lugar de onde, etc.) e as en redonda, traducións. Entre paréntese danse exemplos, primeiro en grego e logo en tradución. Por último, no apartado EXPRESIÓNΣ sinálanse locucións ou frases feitas, coas súas traducións

2. Coa axuda do dicionario indica que traducións debes dar a estas tres frases:

κρατέω ἀνδράσι

Domino ou reino sobre os homes (o dicionario indica que no sentido de dominar ou reinar o verbo rexe xenitivo ou dativo. A frase vén ademais recollida.

οἱ κρατοῦντες

os amos (o participio substantivado ten este valor).

κρατέω πάντων

domino ou reino sobre todos (mira o dito κρατέω ἀνδράσι)

πρᾶξις 2

3. Busca no dicionario as seguintes palabras e indica que variacións morfolóxicas se sinalan:

ζεύγνυμι

Indícanse diferenzas de voz. En voz activa significa **unxir ao xugo, enganchar**, etc. En voz media **enganchar para si**. Especificase que se di cando o carro e os cabalos son propios. En voz pasiva tradúcese **estar atado, suxeito, obrigado**, etc.

νόμιοις

Distínguese o sentido da palabra cando é adxectivo (**acostumado**) de cando é substantivo (uso, costume).

ἐλίσσω

Sínálase que o uso en activa (que significa **facen xirar, dar voltas**, etc.) é diferente do uso en voz media **poñer arredor cinguirse**, etc

κλέος

Diferénciase o significado do singular **rumor, fama, noticia**, do que ten en plural **accións gloriosas**

Περιπλέκω

Advértese que o verbo significa en voz activa **enlazar en derredor**, etc. mentres que en voz media ten o significado **enlazarse, abrazar**, etc

Πράξις 3

4. Sinala as diferenzas de sentido dunha mesma palabra nos seguintes pares de expresións:

a) ἀπολογία εὖλογος / τὸ εὖλογον ἀπολογίας.

unha defensa razoable / a razón da defensa

b) θοινέω τὸν ἀδελφόν / θοινέομαι σὺν τῷ ἀδελφῷ

agasallo na mesa a meu irmán / celebrou un festín co meu irmán

c) ἄνθρωπος νεανικός / τὸ νεανικόν τοῦ ἀνθρώπου.

un home forte (ou novo) / a temeridade do home

d) ἄνθρωπος ξένιος / τὰ ξένια τοῦ ἀνθρώπου .

un home hospitalario (ou forasteiro) / os obsequios de hospitalidade do home

e) διαριθμῶ ἁδικήματά σου / διαριθμοῦμαι ἁδικήματά σου.

enumero as túas inxustizas / xulgo as túas inxustizas

Πράξις 4

5 Busca no dicionario as seguintes palabras e sinala que variacións de contexto se indican:

συνορίνω, contexto morfolóxico. En activa significa **mover, excitar xuntamente** e en media **avanzar un contra outro**.

ἰδρύω, contexto morfolóxico. Distínguense usos activos: **sentar, acampar** (tamén se indica que **acampar en** construído con **εἰς** e acusativo ou con **ἐν** ou **ἐπὶ** con dativo), medios: **facen sentar, poñer, establecer** (sinálase que cando o complemento directo é un templo, pódese traducir **erixir ou consagrar** e que iso se fai para si ou polos seus propios medios), e pasivos: **estar situado**, etc.

στενός, indícase que significa **estreito** etc., pero que cando o precede **εἰς** tradúcese **apuro ou recuncho**, dependendo do verbo que o acompañe. E que en feminino substantivado se traduce por **franja de terreo** e en neutro **desfiladeiro**

πρός, distingue diversos usos da preposición segundo o caso que a acompañe.

μυστήριον, sinala que ten un valor en singular, **arcano, secreto**, outro en plural, **os misterios** (sobre todo os de Eleusis) e que nos textos cristiáns son os **sacramentos**

καρφαλέος, indícase que significa **seco, árido**, pero se se aplica a sons significa **seco** ou **forte**.

προσαρράσκω, distínguense un uso transitivo xuntar, **unir**, e outro perfecto intransitivo, **adaptarse**

σημαίνω. distingue en primeiro lugar usos activos e medios. Dentro dos activos diferencia os intransitivos, os usos con infinitivo e con outros contextos segundo os casos e as preposicións.

Πράξις 5

6. Busca o artigo μέσος, indica que tradución lle darías ás seguintes expresións e di por que:

τὸ μέσον ἡμέρας, a metade do día. Está substantivado (leva τὸ)

ἐν μέσω αὐτῶν, entre eles. Leva xenitivo e vai precedido de ἐν.

ἄνθρωπος οὐ πλούσιος, ἀλλὰ μέσος, Un home non rico, senón de mediana fortuna.
Oponse a πλούσιος

μέσα ἡ ἡμέρα. o momento central do día vai antes do artigo.

7. Indica que diferenza de tradución hai entre:

ὕδραίνει / ὑδραίνεται molla (activa) / lávase (media).

εὐαρεστέω / εὐαρεστέομαι comprazo (activa) / comprázome (media).

προπατώρ / προπάτορες avó(singular) / antepasados (plural).

πρός θαλάσσης / πρὸς θάλασσαν preto do mar (con xen.) / cara ao mar (con acus.).